

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Xohán Ledo, a Luís Seoane do 08/03/1978

Colección:

Data: 08/03/1978

De:

Xohán Ledo;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Política; Preautonomía en Galicia;

Mencionados:

Castelao; Felipe González Márquez; José Ortega y Gasset; Maruxa Seoane; Josep Tarradellas; Enrique Tierno Galván;

Notas do editor:

Transcrición da epistola de Xohán Ledo, a Luís Seoane do 08/03/1978

8-3-78

Querido Luis:

Pra min sempre é unha ledicia ter novas tuas. Aínda cando como agora escribes magoado pola desesperanza. Teño a desesperanza por unha podremia que vai roendo na ialma e a escurece, emporiso sei que isa lus tua, ben probada tantos anos, non se deixará vencer nen desviar. Disa lus temos necesidade pra que te encenda a tí e nos alumee a outros de nos que sempre soupemos do amor conque foi dada. E sempre agardamos a saberte de novo beira do mar dos ártabros.

O tempo non vén sendo tan bó como maxinas, hai ben pouco tivemos un temporal moi fermoso; pra velo dende a casiña. Unha brillante exhibicion da forza do mar,

batendo non furioso, senón poderoso contra dos penedos coma un ciclope cego que crebase rexas cadeas e pretendera mover a terra ca puxa do seu peito.

Eu, como sabes, non podo ser un bó comentador político, entre outras razóns porque non me movo nisas augas e sementes son movido por elas. Estou mergullado e podo chegar a sentíreme afogado, pro para falar atinadamente encol delas, compriria velas abeirado ou dominándoas.

No meu sentir pois, o da autonomía, estase preparando como unha nova frustración, mais outra. Vai chegar, cando chegue, lastrada por loitas e amaños que teñen en conta sucesos e intereses alleos ou alonxados de Galicia, fabricada dende Madride e atendendo ó proveito de partidos para toda España. Fanse regateirías, e fanse partillas cas rexións: eiqui eu podo, e deixo de facer isto pra tí deixares facer acolá, onde tí podes, estoutro. Andase sen vontade de camiñar, dáse un paso pra pisar ao de diante, móvese ou parase pra amolar, e non por pretensión firme de servir a Galicia. O tema das autonomía vaise levando do xeito mais de favor pros anti. En Cataluña, en Euskadi, en Galicia semella seguirse mais un proceder gubernamental, pensar que o millor e ver vir o tempo, e aproveitar entullos –Tarradellas pra parar ós esquerdistas, Navarra pra deter aos vascos, os socialistas pra frear a nacionalistas, os obreiros emigrados fronte dos obreiros nacionalistas, logo a ETA, CNT, FAI fronte de velidades nacionalistas dos capitalistas– que señan reás ou estean agrandados non importa a ninguén, porque os partidos da oposición metense no xogo e non saben sair dil.

E non millora a visión e comportamento dos partidos apelidados galegos. A cousa chega a sere mais ruin e cativa. Poñen peso en miudezas e entollen todo por rigorosidade en demasia cara un futuro ao que, por outra banda, non saben amosar mais que vagorosamente e xeneralizando. E moito menos queren servirse da esperencia do pasado. Primeiro por vaidade, logo autosuficiencia, e mais aínda por iñorancia, isa esperencia é cousa de outros e non lles val. Maximo agora mesmo que se lles dixeran de aproveitar un feixe –des, vinte, trinta, ou os que fosen—de dibuxos de Castelao como panfleto pra entrar na concencia dos mariñeiros, o problema da pesca axitado hoxendia por un tratado con Marruecos e unhas discusións –perdedoras, non hai que decilo– cos países europeos, dirían que era cousa “vella e pasada”, e nembargantes a fame e o desprecio dos mariñeiros segue sendo igoaliña que hai cincuenta anos. Castelao é bó pra mitoloxías se o usan, pro o seu verbo combativo non se acolle nen sequer pra amosar que podemos repetir as verbas e istas non poden quedar disfrazadas ou acochadas por “casas do mar” ou “créditos á pesca”.

Non sei, vexo oxe mesmo nos diarios que logo dunhas semanas de xuntanzas en prol da fusión do PSOE de Felipe Gonzalez e o PSP de Tierno Galvan, chegaron a acordar unha “declaración de principios” na que se afirma que o partido socialista é: “un partido de clases, de masas, marxista y democrático” e que “no pactará con el capitalismo”. Foi necesario comezar por ahí, aínda...

Ben, estácheme saindo unha carta con cara pesimista e non me defendo dele. Pro si quero crarexar que non me leva a seguir a famosa lería do “no es eso, no es eso” como non son Ortega y Gasset, non podo pecharme na miña oficina filosófica e decirme: alá eles, por min que se maten. Seguirei poñendo o meu pequeno labor ao servizo de calquera cousa que estea marcada co nome de Galicia, fiando en que poda ter algunha utilidade pra outros, e se non fose eisi, sei cando menos que gardo fidelidade á laboura de moitos que soñaron ou profetizaron o fermoso futuro que quero pra min e pra nosa terra.

Todos nos, pais e fillos, os lembramos. Recíbide Maruxa e tí unha forte aperta na agarda de vos ver de novo.

Ricardo

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.